

## Axudas de apoio a etapa de formación posdoutoral 2024

### Convocatoria 4

DATOS XERAIS	
Texto da convocatoria	<a href="#">Enlace á convocatoria</a>
Descrición xeral	<p>A finalidade do programa de axudas á etapa de formación posdoutoral é incrementar a incorporación de persoal investigador ao Sistema de I+D+i galego, fomentando a adquisición e o perfeccionamento das habilidades propias do persoal investigador doutor, mediante contratos nos axentes que conforman o sistema, e permitindo a súa mobilidade internacional para mellorar a súa formación e capacitación e que lle permita obter un posto de carácter estable</p> <p>Adicionalmente, para o programa de bolsas da Xunta de Galicia-Fulbright, nesta convocatoria atádez persoas investigadoras contratadas polas universidades do SUG e ata dúas persoas contratadas polos organismos públicos de investigación de Galicia ou por outras entidades do sistema público de I+D+i galego</p>
Novidades desta convocatoria	<p>Aumentase a duración das axudas ata un máximo de <b>6 anos</b>, dividida en <b>dúas fases</b> cunha avaliación intermedia por persoas expertas de fóra do Sistema de I+D+i galego, en colaboración coa Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), sendo necesario obter unha avaliación positiva para o acceso á segunda fase da axuda.</p> <p>En relación ás estadias, estas terán unha duración do seu período total de desenvolvemento dun mínimo de 20 meses e dun máximo de 24 meses de forma continuada. Este período terá as seguintes características:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cada estadia desenvolvida nun centro de investigación diferente (que poderá ser na mesma zona ou en zonas distintas) deberá ter unha duración mínima de 12 meses e máxima de 24 meses. Desta maneira, no caso de fragmentar o desenvolvemento das estadias de acordo co indicado neste parágrafo, deberanse realizar como mínimo dúas estadias de 12 meses cada unha.</li> <li>• No caso de non fragmentar o período de estadia, esta terá unha duración mínima de 20 meses e máxima de 24 meses.</li> <li>• As estadias deberán desenvolverse durante o período comprendido entre outubro de 2024 e setembro de 2026 (ambos os dous incluídos).</li> </ul>
Número e importe de las axudas	<p><b>Un máximo de 49 axudas, coa seguinte distribución:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>40 axudas para o SUG</b>, das cales 10 poderán obter a condición de bolseiras Fulbright</li> <li>• 09 para as demais entidades, das cales 2 poderán obter a condición de bolseiras Fulbright.</li> </ul> <p><b>Os importes destas axudas son os seguintes:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 32.000 euros brutos anuais en concepto de salario e de custos sociais.</li> <li>• Un complemento por <b>cada mes</b> de estancia de: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Zona 1:</b> 1.000 € se o destino da estancia está en Portugal ou Andorra.</li> <li>• <b>Zona 2:</b> 1.500 € se o destino da estancia está en Europa (excepto Portugal ou Andorra), África ou América, excepto EUA e Canadá.</li> <li>• <b>Zona 3:</b> 2.000 € se o destino da estancia está en EUA, Canadá, Asia ou Oceanía.</li> </ul> </li> <li>• Un total de 500 € brutos mensuais durante cada período de estancia en EUA para as solicitudes daquelas persoas investigadoras que consigan a condición de bolseiras Fulbright.</li> </ul>

<p><b>Beneficiarios</b></p>	<p>Os contratos vinculados a esta axudas son adxudicadas ás Universidades do Sistema Universitario de Galicia, polo que a entidade encargada do proceso de presentación das solicitudes é a <b>Universidade de Santiago de Compostela</b>. Os candidatos deberán ter en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Estar en posesión <b>do grao de doutor</b> e que este fose obtido en data <b>igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2019</b>. Entenderase como data de obtención do título de doutor a <b>data de lectura</b> e aprobación da tese de doutoramento. A data de obtención do título de doutor poderá ser anterior ao 1 de xaneiro de 2018, pero igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2016, no caso das persoas tituladas que acrediten de xeito fidedigno algún dos seguintes supostos: <ul style="list-style-type: none"> <li>❖ Que se atopaban de baixa maternal ou que tiñan a cargo menores de tres anos entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2018.</li> <li>❖ Que teñan recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.</li> <li>❖ Que interrompesen a súa formación por causa dunha enfermidade grave ou que se dedicaron á atención de persoas maiores da familia en primeira liña parental.</li> </ul> </li> </ul> <p>No caso das persoas candidatas que estean en posesión de máis dun doutoramento, os requisitos expresados referiranse ao primeiro dos doutoramentos obtidos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Que a data de finalización dos estudos conducentes á obtención do <b>título de licenciatura, grao ou equivalente</b> que lle deu acceso ao doutoramento sexa igual ou posterior ao <b>1 de xaneiro de 2013</b>.</li> <li>• Non ser seleccionada nos programas posdoutorais da Xunta de Galicia, non ser seleccionada para unha axuda nunha convocatoria estatal das actuacións Juan da Cierva-Formación ou Juan da Cerva-Incorporación, Formación posdoutoral, non gozar con anterioridade de ningunha axuda e/ou contrato posdoutoral que recolla estancias en centros de investigación no estranxeiro de dous ou máis anos de duración.</li> <li>• As solicitudes que presenten persoas candidatas que opten á condición de borseiras Fulbright deberán comprobar os requisitos indicados na convocatoria.</li> </ul>
<p><b>Proceso de presentación para participar nesta convocatoria (FASE 1)</b></p>	<p>Unha vez rematado o proceso de presentación das declaracións de interese establécense dúas fases para a presentación das solicitudes.</p> <p style="text-align: center;"><b><u>PARTICIPACIÓN POSDOUTORAIS</u></b></p> <p style="text-align: center;"><b>Data límite para aportar a documentación</b> <b>11-03-2024 ás 23:59 horas</b></p>
<p><b>Prazo límite para compartir Borrador da solicitude coa USC (FASE 2)</b></p>	<p>Co fin de poder garantir a presentación de todas as solicitudes na data de finalización do prazo establecido pola Xunta de Galicia (19/03/2024) é imprescindible que toda a documentación necesaria para a presentación da solicitude estea subida na Sede Electrónica da Xunta de Galicia antes da seguinte data, <b>a partir das cales a USC non poderá garantir a presentación das solicitudes en prazo:</b></p> <p>É imprescindible por parte das persoas candidatas que realicen a súa declaración de interese, de non ser así a USC non poderá presentar a solicitude de dita persoa candidata.</p> <p style="text-align: center;"><b>13-03-2024 ás 14:00 horas</b></p>

<p>Proceso de presentación de solicitudes e instrución para realizar as mesmas</p>	<p>O proceso iniciase coa presentación por parte das persoas candidatas do formulario online onde manifesta a súa declaración de interese para participar nesta convocatoria.</p> <p style="text-align: center;"><a href="#"><u>Acceso ao procedemento XACUS</u></a></p> <p style="text-align: center;"><a href="#"><u>Guía presentación Sede Xunta</u></a></p>
<p>Información sobre a convocatoria</p>	<p>USC: <a href="mailto:investigacion.rrhh@usc.es">investigacion.rrhh@usc.es</a>  Xunta de Galicia: <a href="mailto:promocioncientifica.educacion@xunta.gal">promocioncientifica.educacion@xunta.gal</a>  Teléfono Xunta: 881995152 - 881995157  Telefono USC: 8818 16213 - 8818 16253</p>

<b>FORMULARIOS :</b>	
<p>Declaración interese USC</p>	<p style="text-align: center;"><a href="#"><u>ACCESO FORMULARIO XACUS</u></a></p>
<p>Solicitud Sede Xunta</p>	<p style="text-align: center;"><a href="#"><u>ACCESO A SEDE ELECTRÓNICA XUNTA</u></a></p>
<p>Currículo (CV)</p>	<p style="text-align: center;"><a href="#"><u>ENLACE CVN FECYT</u></a></p>
<p>Certificado vinculación grupo</p>	<p style="text-align: center;"><a href="#"><u>ENLACE CERTIFICADO DE PERTENZA DA PERSOA A GRUPO</u></a> </p>
<p>Anexo III</p>	<p style="text-align: center;"><a href="#"><u>ANEXOIII</u></a> </p>
<p>Anexo IV (Debe asinar o documento o coordinador do grupo da USC)</p>	<p style="text-align: center;"><a href="#"><u>ENLACE ANEXO IV – ACEPTACIÓN GRUPO INVEST.</u></a> </p>
<p>Anexo V (Debe asinar o documento director Dpto USC)</p>	<p style="text-align: center;"><a href="#"><u>ENLACE ANEXO V - ACEPTACIÓN DEPARTAMENTO</u></a> </p>
<p>Anexo VI-FULBRIGHT</p>	<p style="text-align: center;"><a href="#"><u>ENLACE ANEXO VI</u></a> </p>
<p>Plan de traballo</p>	<p style="text-align: center;"><a href="#"><u>ENLACE PLAN DE TRABALLO</u></a> </p>
<p>Plan de estadias</p>	<p style="text-align: center;"><a href="#"><u>ENLACE PLAN DE ESTADÍAS</u></a> </p>
<p>Carta de aceptación centro receptor</p>	<p style="text-align: center;"><a href="#"><u>ENLACE CARTA DE ACEPTACIÓN</u></a> </p>
<p>Declaración estratexia</p>	<p style="text-align: center;"><a href="#"><u>DECLARACIÓN ESTRATEXIA</u></a> </p>
<p>Declaración titulo. Art 7.d) da convocatoria da Xunta de Galicia.</p>	<p style="text-align: center;"><b>Achégarase de oficio, en función dos datos de rexistro indicados na súa declaración de interese.</b></p>